



PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

1º e 3º ESO

CURSO 2021/2022

José Eliseo Bello Vázquez

| | |
|--|----|
| 0.1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN..... | 4 |
| 0.2 OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA..... | 5 |
| 0.3 COMPETENCIAS CLAVE..... | 6 |
| 1º da ESO..... | 8 |
| 1.1 OBXECTIVOS 1º ESO | 8 |
| 1.2 CONTIDOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E TEMPORIZACIÓN 1º ESO..... | 9 |
| 1.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E CONTIDOS MÍNIMOS 1º ESO | 12 |
| 1.4 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 1º ESO | 16 |
| 1.5 METODOLOXÍA DIDÁCTICA 1º ESO..... | 20 |
| 1.6 MATERIAIS E RECURSOS 1º ESO..... | 20 |
| 1.7 CONTRIBUCION Ó PLAN LECTOR 1º ESO | 21 |
| 1.8 CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC 1º ESO..... | 21 |
| 1.9 CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO 1º ESO..... | 21 |
| 1.10 SECUENCIACIÓN TEMPORAL 1º ESO | 21 |
| 1.11 PROCESO DE AVALIACIÓN DE 1º ESO | 21 |
| 1.12 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 1º ESO | 22 |
| 1.12.a ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 1º ESO | 22 |
| 1.13 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 23 |
| 1.14 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE 1º ESO..... | 23 |
| 1.15 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS 1º ESO..... | 26 |
| 3º da ESO | 27 |
| 3.1 OBXECTIVOS 3º ESO | 27 |
| 3.2 CONTIDOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E TEMPORIZACIÓN 3º ESO..... | 28 |
| 3.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E CONTIDOS MÍNIMOS 3º ESO | 31 |
| 3.4 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 3º ESO | 36 |
| 3.5 METODOLOXÍA DIDÁCTICA 3º ESO..... | 38 |
| 3.6 MATERIAIS E RECURSOS 3º ESO..... | 39 |

| | |
|---|----|
| 3.7 CONTRIBUCIÓN Ó PLAN LECTOR 3º ESO | 39 |
| 3.8 CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC 3º ESO | 39 |
| 3.9 CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO 3º ESO | 40 |
| 3.10 SECUENCIACIÓN TEMPORAL 3º ESO | 40 |
| 3.11 PROCESO DE AVALIACIÓN DE 3º ESO | 40 |
| 3.12 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 3º ESO | 41 |
| 3.12.a ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 3º ESO | 41 |
| 3.13 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 42 |
| 3.14 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE 3º ESO | 43 |
| 3.15 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS 3º ESO | 46 |
| 3.16 ADENDA EN CASO DE ENSINO SECUNDARIO NON PRESENCIAL OU MIXTO POR MOR DA PANDEMIA COVID-19 | 46 |
| SINATURAS | 47 |

0.1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A educación plástica dentro da Educación Secundaria, enténdese como o ámbito de desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa para comprender as formas e a súa expresión. Desenvolvendo e fomentando a capacidade observadora e traballando os recursos procedementais (instrumentos e técnicas) conseguiremos a expresión do pensamento de forma visual e gráfico- plástica.

A sociedade actual posúe unha extraordinaria capacidade para producir e consumir imaxes facilmente transmisibles a través dos medios de comunicación. Estas constitúen un poderoso medio de expresión, coñecemento e transformación da realidade e poden ser un medio de manipulación do pensamento das persoas. Cómpre potenciar, a través da análise e da valoración das mensaxes visuais, un xuízo crítico no alumnado co que poida acadar un criterio propio. Asimesmo o auxe das novas tecnoloxías fai necesario que dotemos aos alumnos do coñecemento destas linguaixes propias que lles permitan utilizarlas sen o risco de perder a súa individualidade.

Con esta finalidade, establecécese esta programación, tendo en conta a seguinte lexislación de referencia:

- Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo de 2007).
- Orde 6/9/2007 (DOG 12-7), pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obligatoria na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde 21/12/2007 pola que se regula a avaliação e cualificación do alumnado da ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e na Circular (8/2009 da Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunas medidas de atención á diversidade.
- Decreto 86/15, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso 2015/16, do currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

0.2 OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obligatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes no traballo diario, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexistar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisiones e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respeito cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o manteemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

0.3 COMPETENCIAS CLAVE

Dende a nosa materia, contribuiremos á adquisición das competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL): favorecendo a comprensión e a expresión oral e escrita ao promover o coñecemento e a utilización do vocabulario específico referido á expresión artística e ao explorar diferentes canles de comunicación

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): utilizando a linguaxe simbólica, e ao afondar en aspectos especiais da realidade e na súa representación gráfica. Tamén se adestran procedementos relacionados co método científico como a observación, experimentación, descubrimento, reflexión e análise.
- Competencia dixital (CD): dando especial importancia ao uso de ferramentas tecnolóxicas para a creación de producións audiovisuais
- Aprender a aprender (CAA): ao favorecer a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación do propios erros como instrumentos de mellora.
- Competencias sociais e cívicas (CSC): as produción artísticas pódense plantexar como traballo en equipo, sendo unha oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, a tolerancia.... Por outra banda, o fomento da creatividade na aula leva a valorar diversos enfoques e plantexamentos.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): en todo o proceso de creación, hai que converter unha idea nun produto; e para elo deben desenrolarse estratexias de planificación, de previsión de recursos de anticipación e de avaliación de resultados. Este proceso obriga o alumnado a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocriticá, fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais (CCEC): poñendo o énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lle son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e, dende o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, estase contribuíndo a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e se é capaz de expresarse a través da imaxe.

1º DA ESO

1.1 OBXECTIVOS 1º ESO

- a) Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
- b) Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciala como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.
- c) Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo a súa conservación e mellora.
- d) Sensibilizar ao alumno ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar diferentes representacións artísticas.
- e) Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica, visual e audiovisual.
- f) Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.
- g) Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación mais axeitadas.
- h) Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
- i) Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
- j) Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
- k) Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

1.2 CONTIDOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E TEMPORIZACIÓN 1º ESO

| BLOQUE | CONTIDOS | ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE | Nº SESIÓNS |
|--------|--|---|------------|
| 1 | B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano. B1.2. Arecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións. | - Visualización de distintas producións gráfico-plásticas e análise dos elementos configurativos da imaxe nas mesmas | 1 |
| 1 | B1.3. O punto como elemento máis sinxelo na comunicación visual. B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade. B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume. | - Realización de composicións baseadas en formas orgánicas na que se experimente co valor expresivo do punto e a liña e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tumbado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada | 4 |
| 1 | B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor. | - Realización dun collage con papel rasgado, cortado...etc, experimentando con distintas texturas e cores e utilizando o plano como elemento compositivo e volumétrico. - Realizar unha composición que transmita emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). | 2 |
| 1 | B1.7. Composición: elementos. B1.8. O ritmo na composición. | - Realizar unha composición con elementos xeométricos nas que se apliquen conceptos de proporción, equilibrio e ritmo. | 2 |
| 1 | B1.9. A cor como fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva. B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias | - Explicación e experimentación coa cor-luz e cor-pigmento - Realización dun círculo cromático sinxelo e aplicación a unha composición abstracta | 1 4 |
| 1 | B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidad expresiva das texturas | - Realización dun catálogo de texturas visuais e táctiles. - Realizar unha composición na que se integren varias texturas como un elemento expresivo máis. | 2 2 |

| | | | |
|---|---|--|--|
| 1 | B1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas. | Este contido se desenvolverá ao longo das actividades anteriores | Este contido se desenvolverá ao longo das actividades anteriores |
| 2 | B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta. | - Representar un referente real en catro niveles de iconicidade, dende a figuración realista ata chegar á abstracción | 4 |
| 2 | B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas. B2.4. Comunicación visual: elementos que interveñen nela. | - Deseñar símbolos e iconos para un espazo concreto do centro escolar ou un espazo ficticio. | 6 |
| 2 | B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic. | - Crear unha pequena tira cómica usando correctamente a linguaaxe do cómic | 4 |
| 2 | B2.4. Comunicación visual: elementos que interveñen nela. | - Analizar os elementos comunicativos e función de imaxes fixas propostas polo profesor ou o alumnado . | 4 |
| 2 | B2.5. Comunicación audiovisual: características e elementos que interveñen nela. | - Análizar os elementos comunicativos en función de mensaxes audiovisuais propostos polo profesor ou o alumno. | 4 |
| 2 | B2.6. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual. | - Realizar láminas con deseños de trazados de rectas paralelas, transversais e perpendiculares utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión | |
| 3 | B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares. | - Definir os elementos xeométricos fundamentais e as posicións relativas entre rectas. | 1 |
| 3 | B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45 grados. | - Realizar láminas con deseños de trazados de rectas paralelas, transversais e perpendiculares utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión | 2 |
| 3 | B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano. | - Realizar un deseño a partir dunha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás | 2 |
| 3 | B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás. | - Dividir a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxar coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita | 1 |
| 3 | B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos e posicións relativas. B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón. | - Identificar os ángulos de 30, 45, 60 e 90 graos na escuadra e no cartabón. | 1 |
| 3 | B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares. | - Sumar ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás. | 1 |

| | | | |
|---|--|---|---|
| 3 | B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano. | - Construir a bisectriz dun ángulo calquera, con rega e compás. | 1 |
| 3 | B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da rega ou utilizando o compás. | - Sumar ou restar segmentos, sobre unha recta, medindo coa rega ou utilizando o compás. | 1 |
| 3 | B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano. | - Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regras. | 1 |
| 3 | B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono. | - Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales. | 1 |
| 3 | B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana. | - Explicar por escrito, os exemplos más comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.). | 1 |
| 3 | B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos. | - Clasificar calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos. | 2 |
| 3 | B3.14. Construcción de triángulos. | - Construir un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas. | 1 |
| 3 | B3.16. Triángulo rectángulo: características e construcións. | - Debuxar cateto dun triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto ou un ángulo agudo. | 1 |
| 3 | B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos. | - Achar as alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos propostos. | 2 |
| 3 | B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades. | - Clasificar os cuadriláteros e estudar as súas propiedades. | 1 |
| 3 | B3.18. Construcción de cuadriláteros | - Estudar a construcción de paralelogramos dados dous lados consecutivos e a diagonal. | 1 |
| 3 | B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos | - Estudar a clasificación de polígonos e diferenciar claramente entre regulares e irregulares | 1 |
| 3 | B3.20. Construcción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia. | - Construir polígonos regulares de ata 8 lados inscritos na circunferencia | 1 |

1.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE, COMPETENCIAS CLAVE E CONTIDOS MÍNIMOS 1ºESO

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE | COMPETENCIAS | MÍNIMOS ESIXIBLES |
|--|--|-----------------|--|
| B1.2. Identificar os elementos configuradores da imaxe. | EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráficas propias e alleas. | CCEC | - Analizar de xeito oral e escrito imaxes e producións gráficas propias e alleas identificando a importancia do punto, liña e plano. |
| B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña. | EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas. EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándose forma libre e espontánea. EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas. | CAA, CSIEE,CCEC | - Realizar composicións gráfico- plásticas baseadas en formas orgánicas nas que se experimente co valor expresivo do punto, a liña e o plano e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación. - Realizar composicións gráfico- plásticas libres nas que se experimente co punto, liña e plano co concepto de ritmo. |
| B1.3. Expressar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc. | EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). | CCL | - Realizar composicións que transmitan emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). |
| B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas. | EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explíca oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo. EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. EPVAB1.4.3. Representa composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicación ao deseño textil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. | CCL,CSIEE | - Realizar composicións con elementos xeométricos nas que se apliquen conceptos de proporción, equilibrio e ritmo. |

| | | | |
|---|--|---------------------|--|
| | EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito. | | |
| B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias. | EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias. | CSC | - Coñecer as cores primarias e secundarias, as características da cor (saturación, tono e uminosidade) e realizar composicións con gamas de cor quentes e fríos. |
| B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándolas en composicións abstractas ou figurativas. | EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándolas en composicións abstractas ou figurativas | CSIEE | - Diferenciar texturas táctiles e visuais, e introducillas como un elemento expresivo máis nas composicións de carácter figurativo ou abstracto. |
| B1.7. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpora, lapis de grafito e de cor; colaxe. | <p>EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándolas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</p> <p>EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</p> <p>EPVAB1.7.3. Experimenta coas témporas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</p> <p>EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</p> <p>EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</p> <p>EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</p> <p>EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e</p> | CCL, CSC, CCEC, CAA | <ul style="list-style-type: none"> - Manexo correcto das técnicas utilizadas en cada traballo: lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. - Experimentación con ceras brandas. - Iniciación a técnicas húmidas con lapis acuareable. - Papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. - Aproveitar materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas. - Mantero oespazo de traballo e o material en perfecto orde e estado, e achegalo á aula cando sexa necesario para a elaboración das actividades. |

| | | | |
|--|--|--------|--|
| | estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. | | |
| B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo. | <p>EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.</p> <p>EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.</p> <p>EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.</p> | CCL,CD | <ul style="list-style-type: none"> - Crear imaxes de distinto grao de iconicidade a partir dun referente real figurativo. |
| B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas. | <p>EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.</p> <p>EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.</p> | CCL,CD | <ul style="list-style-type: none"> - Deseñar símbolos e iconas. |
| B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente. | EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas | CCL | <ul style="list-style-type: none"> - Crear unha pequena tira cómica usando correctamente a linguaaxe do cómic |
| B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación. | EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual. | CSC | <ul style="list-style-type: none"> - Identificar e analizar os elementos que interveñen en actos de comunicación visual. |
| B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación. | <p>EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.</p> <p>EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.</p> | CCL,CD | <ul style="list-style-type: none"> - Distinguir a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais. |
| B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano. | EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regla, e resalta o triángulo que se forma. | CAA | <ul style="list-style-type: none"> - Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regla, e resaltar o triángulo que se forma. |
| B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos. | EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión. | CMCCT | <ul style="list-style-type: none"> - Trazar rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión. |
| B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco. | EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás. | CD | <ul style="list-style-type: none"> - Construir unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás |
| B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta. | EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa rega o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita | CMCCT | <ul style="list-style-type: none"> - Dividir a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxar coa rega o hexágono regular e o |

| | | | |
|--|--|------------|--|
| | | | triángulo equilátero que se posibilita. |
| B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos. | EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30, 45, 60 e 90 graos na escuadra e no cartabón. | CSIEE | - Identificar os ángulos de 30, 45, 60 e 90 graos na escuadra e no cartabón. |
| B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos. | EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás | CMCCT | - Sumar ou restar ángulos positivos ou negativos con regra e compás. |
| B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construcción. | EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás | CCEC | - Construir a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás. |
| B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás. | EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás. | CMCCT | - Sumar ou restar segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás. |
| B3.9. Trazar a mediatrix dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. | EPVAB3.9.1. Traz a mediatrix dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. | CMCCT | - Traza a mediatrix dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. |
| B3.10. Estudar as aplicacóns do teorema de Thales. | EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales. EPVAB3.10.2. Escala un polígonio aplicando o teorema de Thales. | CCEC,CSIEE | - Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales. |
| B3.11. Coñecer lugares xeométricos e definilos. | EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos más comuns de lugares xeométricos (mediatrix, bisector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.). | CMCCT | - Explicar por escrito, os exemplos más comuns de lugares xeométricos (mediatrix, bisector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.). |
| B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. | EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos. | CCEC | - Clasificar calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos. |
| B3.13. Construir triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos). | EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres ados,utilizando correctamente as ferramentas. | CAA | - Construir un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os se us tres lados, utilizando correctamente as ferramentas. |
| B3.14. Analizar as propiedades de puntos e | EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera | CSIEE | - Debugar o baricentro, o incentro ou o circuncentro de |

| | | | |
|---|---|-------|---|
| rectas característicos dun triángulo. | triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrixes correspondentes. | | calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrixes correspondentes. |
| B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicalas con propiedade á construcción destes. | EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto. | CMCCT | - Debuxar un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto |
| B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros. | EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero. | CCEC | - Clasificar correctamente calquera cuadrilátero. |
| B3.17. Executar as construcións más habituais de paralelogramos. | EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal. | CAA | - Construir calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal |
| B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. | EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. | CCEC | - Clasificar correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. |
| B3.19. Estudar a construcción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia. | EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata oito lados, inscritos nunha circunferencia | CMCCT | - Construir correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia |

1.4 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 1º ESO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|--|
| EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas | Exposición oral |
| EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándooas como inspiración en creacións gráfico-plásticas. | Observación sistemática e rexistro no caderno do profesor. Portafolios: Recollida de traballos feitos na clase. Proba obxectiva teórico-práctica |
| EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándooas de forma libre e espontánea. | |

| | |
|--|---|
| <p>EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</p> | |
| <p>EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).</p> | <p>Observación sistemática e rexistro no caderno do profesor. Portafolios: Recollida de traballos feitos na clase.</p> |
